



Reunidos na Casa do Concello, o día 4 de xaneiro de 2018, ás 14.00 horas, constitúese a Mesa de contratación para a determinación da existencia ou non de baixas desproporcionadas ou anormalmente reducidas e proposta de adxudicación do contrato denominado “Pavimentación camiños Pedreira, Picota e outros en O Val e O Couto” formada polos seguintes asistentes:

Presidenta: Dna. Marian Ferreiro Díaz (alcaldesa).

Vogais:

Dna M<sup>a</sup> Angeles Manteiga Fulgueira, secretaria substituta

Dna. Pilar Canzobre Méndez. Interventora Xeral da Corporación

D. Alfonso Veiga García, arquitecto técnico municipal.

D. Juan Pablo Mauriz Romero, concelleiro delegado de obras públicas.

Secretaria da Mesa: Dna. Susana M<sup>a</sup> Barbeito Míguez, Xefa de Negociado de Contratación de Obras.

Aberta a sesión pola presidencia, procédese á lectura e exame do informe técnico emitido por D. José Manuel Saavedra Pantín, con data 26 de decembro de 2017, en relación coa xustificación da baixa desproporcionada presentada pola empresa Lancer Proyectos y Obras, S.A.

Neste informe considérase que a devandita empresa non xustifica a súa oferta, en base ao seguinte:

- *En relación aos prezos:*

*Presenta o compromiso de subministración dalgún dos materiais principais: produtos asfálticos, cemento e sinalización, cos seus prezos. Relación de materiais de aporte en propiedade. Relación da maquinaria, toda propia. Oferta detallada polas unidades de obra segundo proxecto coa súa descomposición. A proximidade da base á obra e a cantidade, xustifican os baixos gastos xerais.*

- *En relación ao volume de obra:*

*Relación de obras realizadas na provincia e importes dos últimos anos.*

- *En relación a custos fixos/volume de obra:*

*Adxunta o ITA (informe de traballadores en alta de cotización), cuxos custos reflíctense nos descompostos.*

*Os gastos xerais e beneficio industrial suma unha cantidade de 11.878,97 €.*

*A documentación é correcta no contido; para chegar a un custo de 51.132,52 €, tivo que considerar uns rendementos demasiado altos na execución, con transporte moi baixo, ambos dudosos; pero valorou os materiais propios cun valor simbólico, aproximadamente 5 ou 6 veces inferior ao custo real de produción, despois de comprobar as súas propias tarifas e as da competencia no contorno, pois só os gastos xerais da propia canteira serían superiores, polo que non se poden considerar reais.*

A Mesa de Contratación, ratifica este informe e afasta do procedemento licitatorio, a oferta presentada pola mercantil Lancer Proyectos y Obras, S.A.

A empresa Construcciones Ponciano Nieto, S.L. tamén incorrera en oferta desproporcionada, polo que se lle outorgou un prazo de cinco días para xustificar a súa oferta. Pero a comunicación telemática non foi recollida pola empresa interesada, polo que tamén se exclúe da licitación.

Así, as ofertas que continúan na licitación, obteñen, con referencia aos criterios de adxudicación, a seguinte a puntuación:

Entidade	Criterios non obxectivos	Criterios obxectivos	Total
Canarga Construcciones	24,00	45,43	<b>69,43</b>
José No Mantiñan e Hijos Contrucciones S.A.	23,50	40	<b>63,50</b>
Francisco Gómez y Cía, S.L.	28,00	45,86	<b>73,86</b>
Excavaciones Saavedra y López, S.L.	29,00	43,50	<b>72,50</b>
Obras y Saneamentos Galicia, S.L.	20,00	36,77	<b>56,77</b>

Á vista destas puntuacións, a Mesa de Contratación propón a clasificación das proposicións segundo a orde decrecente que figura a continuación, e requirir á empresa **Francisco Gómez y Cía, S.L.**, que é a mellor oferta, que acadou a maior puntuación segundo os criterios de adxudicación contemplados no prego de condicións, para que presente a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.



- 1.- Francisco Gómez y Cía, S.L.----- 73,86
- 2.- Excavaciones Saavedra y López, S.L.----- 72,50
- 3.- Canarga Construcciones-----69,43
- 4.- José No Mantiñan e Hijos Contrucciones S.A.--63,50
- 5.- Obras y Saneamentos Galicia, S.L.----- 56,77

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 14.15 horas da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu a Secretaria dou fe, asinando comigo os membros da mesa.

Marian Ferreiro Díaz

Mª Angeles Manteiga Fulgueira

Pilar Canzobre Méndez

Alfonso Veiga García

Juan Pablo Mauriz Romero

Susana Mª Barbeito Míguez

